

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

1921 *Real decreto 108/2010, do 5 de febreiro, polo que se modifican diversos reais decretos en materia de agricultura e industrias agrarias, para a súa adaptación á Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio.*

Mediante a Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, estableceuse o marco xeral para a aplicación no noso país da Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior.

Unha vez finalizado o proceso de análise dos diferentes procedementos e autorizacións existentes en materia de agricultura e industrias agrarias, procede a modificación de diversos reais decretos para dar cumprimento aos preceptos da mencionada lei. Así, modifícase o Real decreto 1201/2002, do 20 de novembro, polo que se regula a produción integrada de produtos agrícolas, de maneira que se substitúe a actual exigencia de dispoñer da oportuna autorización previa ao rexistro de operadores de produción agraria integrada, pola simple notificación previa ao dito rexistro, e o Real decreto 824/2005, do 8 de xullo, sobre produtos fertilizantes, para suprimir a certificación da comunidade autónoma, prevendo que o fabricante deberá ter, á disposición da autoridade competente, a oportuna certificación en que conste expresamente que cumpre coas exigencias establecidas na dita norma.

Do conxunto de normas que se derrogan no artigo terceiro, cabe facer especial mención ao Real decreto 520/2006, do 28 de abril, polo que se regulan as entidades que presten servizos de asesoramento ás explotacións agrarias, que foi aprobado para a aplicación desta medida baixo o Programa de desenvolvemento rural 2000-2006. Na actualidade, o Marco Nacional de Desenvolvemento Rural para o período 2007-2013, aprobado por Decisión da Comisión Europea, prevé entre as súas medidas o sistema de asesoramento ás explotacións agrarias, medida que foi desenvolvida por cada comunidade autónoma nos seus propios programas.

Razóns de seguridade xurídica aconsellan que as diferentes modificacións se leven a cabo nunha única norma, o que facilitará a súa aplicación.

A regulación básica contida nesta disposición efectúase mediante real decreto dado que se trata de normas de carácter marcadamente técnico, intimamente ligadas ao desenvolvemento da normativa comunitaria.

Na elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades máis representativas dos sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, do ministro de Industria, Turismo e Comercio, e da ministra de Sanidade e Política Social, coa aprobación previa da ministra da Presidencia, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 5 de febreiro de 2010,

DISPOÑO:

Artigo primeiro. *Modificación do Real decreto 1201/2002, do 20 de novembro, polo que se regula a produción integrada de produtos agrícolas.*

O artigo 4 do Real decreto 1201/2002, do 20 de novembro, polo que se regula a produción integrada de produtos agrícolas, substitúese polo seguinte:

«Artigo 4. *Inscripción e rexistro dos operadores.*

1. Os operadores deberán comunicar a súa actividade como produción integrada ás autoridades competentes onde radiquen as superficies de produción e as súas instalacións, para seren inscritos nos correspondentes rexistros, en forma

de comunicación previa ou declaración responsable de que cumpren os requisitos que se prevén no punto 2.

Unha vez realizada esta comunicación ou declaración, poderán operar como produción integrada, sen prexuízo de que a autoridade competente inscriba no dito rexistro o operador de que se trate e lle comunique posteriormente esta inscrición.

2. Os operadores deberán estar en condicións de producir ou comercializar de acordo cos sistemas de produción integrada regulados por esta norma, o que se acreditará cunha auditoría previa dos órganos ou entidades de certificación, que estará á disposición da autoridade competente.

3. Sen prexuízo do anterior, os operadores, no prazo máximo dun mes desde que se lles comunique a inscrición no rexistro a que se refire o parágrafo segundo do punto 1, deberán remitir á autoridade competente a seguinte documentación:

a) No caso de que sexa un operador que se dedique só á obtención de produtos vexetais, unha memoria descritiva da explotación agrícola e das súas instalacións e, se é o caso, dos centros de manipulación, que conterá, como mínimo, as superficies e situación das parcelas, almacéns e demais instalacións da explotación, antecedentes culturais das parcelas, estimación do volume das producións por parcelas segundo cultivos e a distribución mensual de superficies por cultivo ou grupo de cultivos afíns.

b) Nos restantes casos de operadores, unha memoria descritiva das súas instalacións, que conterá, como mínimo, as superficies e situación das instalacións, estimación do volume dos produtos que se van comercializar, sistema específico de manipulación, elaboración e envasado dos produtos, marcas comerciais e canles a través das cales se comercializa a produción amparada coa identificación de garantía.

4. A autoridade competente poderá anular a inscrición no rexistro a que se refire este artigo, cando se comprobe que o operador incumpriu as normas establecidas neste real decreto en relación coa súa actividade, sen prexuízo das sancións que, se é o caso, procederen.»

Artigo segundo. *Modificación do Real decreto 824/2005, do 8 de xullo, sobre produtos fertilizantes.*

O artigo 12.1.b) do Real decreto 824/2005, do 8 de xullo, sobre produtos fertilizantes, substitúese polo seguinte:

«b) Estar en posesión, á disposición da autoridade competente, da oportuna certificación en que conste expresamente que cumpre coas exixencias establecidas neste real decreto e, no caso de que se utilicen materias primas de orixe animal, que cumpre cos requisitos do Regulamento (CE) n.º 1774/2002, do Parlamento Europeo e do Consello, do 3 de outubro de 2002.»

Artigo terceiro. *Derrogación de normas.*

Quedan derrogadas as seguintes disposicións:

a) Real decreto 2685/1980, do 17 de outubro, sobre liberalización e nova regulación de industrias agrarias.

b) Real decreto 520/2006, do 28 de abril, polo que se regulan as entidades que presten servizo de asesoramento ás explotacións agrarias e a concesión de axudas á súa creación, adaptación e utilización.

c) Real decreto 736/1995, do 5 de maio, polo que se declaran industrias liberalizadas diversas industrias agroalimentarias.

d) Orde do 17 de marzo de 1981, do Ministerio de Agricultura, pola que se desenvolve o Real decreto 2685/1980, do 17 de outubro, sobre liberalización e nova regulación das industrias agrarias.

e) Resolución do 24 de abril de 1981, da Dirección Xeral de Industrias Agrarias, pola que se desenvolve a Orde do 17 de marzo de 1981, do Ministerio de Agricultura, pola que se desenvolve o Real decreto 2685/1980, do 17 de outubro, sobre liberalización e nova regulación das industrias agrarias.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

O disposto neste real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.13.^a da Constitución, que reserva ao Estado a competencia en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, salvo o artigo segundo, que se dita tamén ao abeiro do establecido no artigo 149.1.23.^a, que atribúe ao Estado a competencia para ditar lexislación básica sobre protección do ambiente.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 5 de febreiro de 2010.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno
e ministra da Presidencia,
MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ